



Centolla

XUNTA DE GALICIA

Colección: **A Vida no mar salgado**

Idea e texto: **Fina Mosquera Roel**

Ilustracións: **Ana Sánchez Moreno**

Fotografía: **Miguel Sánchez Ortiz**

Edita:

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

D. X. de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

ISBN: 84-453-3358-5

Depósito legal: C-1720-2002

Imprime: Gráficas Sementeira



Centola

Nome científico: *Maja squinado*

Castelán: Centolla

Éuscaro: Txangurroa

Catalán: Cabra

Inglés: Spider Crab

Francés: Araignée Européenne

Eu son unha centola.

O meu corpo está cuberto por unha casca abombada en forma de corazón, chea de espiñas.

Do corpo saíenme dez patas articuladas, duras e longas.

O primeiro par de patas remata en pinzas; serven para atrapa-lo alimento e para defenderme.

Na parte frontal da casca teño dúas fortes espiñas rectas, e debaixo delas están os ollos.



Esta centola vive nun acuario.

Vivo na costa, nos fondos rochosos ou areosos, ata os 50 metros de profundidade.

Aliméntome de pequenos animais: mexillóns, camaróns, peixes, etc.

Ando en diagonal ou de lado, e malia a miña aparencia monstruosa, a verdade é que son pacífica e máis ben tranquila.



Nunca ataco, e se me sinto en perigo, agáchome nas rochas e tápome coas algas para pasar desapercibida.

Cambio de xeito periódico de casca.

A iso chámasele muda, e ten lugar cando medro.

Vou formando unha casca nova debaixo da vella e, pouco a pouco, vai rachando a vella ata que me desprendo dela.



Machos e fêmeas somos diferentes. Se se nos mira por baixo, distínguesenos moi ben: os machos témo-lo abdome máis pequeno e estreito; as fêmeas, máis ancho e redondeado.

Reproducímonos no verán.

Xuntámonos en grandes grupos e os machos facemos un círculo arredor das femias para protexelas dos depredadores porque aínda teñen a casca branda e son moi fáciles de atrapar.



Machos protegendo as fêmeas.

Cada macho cortexa a unha femia e xuntan os seus ventres.

O macho introduce os espermatozóidos no pozo seminal da femia. Os ovos fecundados quedan pegados no seu ventre.

Sete ou oito meses despois saen unhas larvas que viven nadando.

As larvas medran e mudan cada pouco ata acadala talla adulta. E xa non medran máis.




Femia incubando ovos.
Non se poden mercar centolas que teñan ovos.

Para pescarnos, utilizan nasas, aínda que tamén nos pescan con miños e trasmallos. O tamaño mínimo legal é de doce centímetros.

No mercado poden atoparse centolas francesas.

As galegas somos máis escuras e temos incrustadas algas e outros seres vivos.



Somos un manjar delicioso cocidas en auga salgada
cunhas follas de loureiro.

O maior de todos os crustáceos é a centola xaponesa xigante.

A súa casca pode chegar a medir medio metro de longo, e só as pinzas, catro metros.

Centola xaponesa xigante.

Algún animal semellante:

Nécora.



Glosario

Crustáceos: Animais invertebrados protexidos por unha casca externa e con patas articuladas.

Espermatóforos: Estructuras en forma de cascas que engloban espermatozoides.

Pozo seminal: Lugar que teñen as femias no seu interior onde se gardan as células sexuais masculinas.



Outros títulos da colección

Polbo
Rodaballo
Ourizo
Xurelo
Mexillón
Peixe Sapo
Centola
Camarón
Percebe



Camarón

Brais
Carme
Antón
Ana



Rodaballo

Na rede estamos en: pescagalicia.com



CONSELLERÍA DE PESCA E
ASUNTOS MARÍTIMOS
